

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cúmprese a sétima edición do Plan que dende a súa posta en marcha no 2009 leva investido preto de 15.000.000 de euros.

ASÍÑANSE EN FERROL 16 CONVENIOS DO PLAN DE PATROCINO DOS EQUIPOS GALEGOS DE ALTA COMPETICIÓN

- *A Fundación Deporte Galego destina 2.420.000 euros na presente tempada ao Plan chegando este ano a un total de 132 equipos galegos, o que supón un 19% máis de equipos ca tempada pasada.*
- *Como na tempada anterior, o Plan ten como patrocinador oficial a ABANCA, grazas á súa achega de 726.000 euros para este exercicio.*

Ferrol, 20 de abril de 2016.- O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, acompañado polo Delegado da Xunta de Galicia en A Coruña, Diego Calvo Pouso e polo Director de Zona de ABANCA de Ferrol, Rafael Montero Rey, formalizou no día de hoxe 16 convenios de patrocinio do Plan de Patrocino dos equipos de alta competición de Galicia 2015/2016 da Fundación Deporte Galego, correspondentes aos equipos de Ferrol e a súa área de influencia.

En total, a sinatura desta mañá supón un investimento de 287.550,46 euros que irán destinados aos seguintes equipos galegos:

RAZÓN SOCIAL	ESPECIALIDADE	CATEGORÍA	TOTAL 2016
Club de Atletismo Ría Ferrol	Atletismo	Feminino	17.939,68
Club Atletismo Narón	Atletismo	Masculino	8.419,20
Club Universitario de Ferrol	Baloncesto	Feminino	39.375,67
Club Basketmi Ferrol	Baloncesto Cadeira Rodas	Mixta	15.414,63
Racing Club de Ferrol, S. A. D.	Fútbol	Masculino	46.834,38
Unión Deportiva Somozas	Fútbol	Masculino	33.254,65
Club Valdetires	Fútbol Sala	Feminino	18.839,29
O Parrulo Fútbol Sala	Fútbol Sala	Masculino	27.736,16
Club Cidade de Narón	Fútbol Sala	Masculino	27.093,73
Club Halterofilia Ferrol	Halterofilia	Masculino	3.760,08
Club de Piragüismo Grupo Juvenil de Puentes	Kaiak Polo	Masculino	4.400,84
Clube Copacabana de Piragüismo	Kaiak Polo	Masculino	6.865,59
Club Tenis de Mesa Cidade de Narón	Tenis de Mesa	Feminino	6.616,86
Club San Xoan Tenis de Mesa	Tenis de Mesa	Feminino	6.291,01
Club Tríatlon Ferrol	Tríatlon	Feminino	9.121,80
Club Deportivo Aldebarán	Voleibol	Masculino	15.586,89

O plan de patrocinio dos equipos de alta competición

Na presente edición, o plan están dotado con 2.420.000 euros, ao igual ca na tempada pasada, tendo por destinatarios a un total 132 equipos galegos, esto é un 19% máis ca na tempada 2014/2015. Neste orzamento, ABANCA, patrocinadora oficial do Plan logo do contrato suscrito coa Fundación o pasado mes de febreiro, fai unha achega de 726.000 euros, como parte do compromiso suscrito pola entidade financeira que destinará, no marco da presente colaboración, máis de 3,6 millóns de euros nos cinco anos de duración do contrato coa Fundación.

Dende os seus inicios na tempada 2009/2010, o Plan ten investido preto de 15.000.000 de euros nos equipos de alta competición de Galicia, mostrando a súa efectividade tanto no xenérico número de equipos apoiados (132 na presente edición fronte aos 111 do ano 2015 e os 89 da primeira edición do Plan no ano 2009), como especialmente no tocante ao deporte feminino: 28 equipos na tempada 2009/2010, 46 equipos na tempada pasada e 54 na actual campaña.

Todos os equipos patrocinados teñen en común contar con equipos nas competicións de primeiro e segundo nivel en modalidades deportivas nas que a competición de máximo nivel desenvólvese na categoría absoluta en sistema de liga regular á que se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría, e/ou sistema de ránking/clasificación por equipos. Incorpóranse tamén por primeira vez nesta edición do Plan os equipos que participan na máxima competición en sistema de liga regular de ámbito estatal da categoría previa á absoluta.

Como vén sendo a tónica habitual deste programa, a presente edición patrocina equipos de distintas especialidades deportivas, o que reflicte o estado de forma do deporte de alta competición en Galicia: Atletismo (6), bádminton (2), baloncesto (10) e baloncesto en cadeira de rodas (3), balonmán (10), béisbol (4), bolos (2), ciclismo (7), esgrima (3), fútbol (20) e fútbol sala (12), halterofilia (4), hóckey liña (2), hóckey a patíns (2), kaiak polo (4), piragüismo en pista (10), traíñas (2), rugby (3), tenis de mesa (14), triatlón (5) e voleibol (7).

Este Plan de patrocinio supón un moi destacado pulo para a presenza do Deporte galego no máis alto nivel competitivo, a nivel nacional e internacional, das distintas modalidades deportivas comprendidas nel, garantindo o crecemento deportivo de entidades e deportistas destas especialidades, á vez que se reforza a presenza da marca DEPORTE GALEGO nas competicións deportivas ás que acoden os equipos patrocinados. Coa incorporación o ano pasado de ABANCA como patrocinadora oficial, o Plan logrou potenciar a súa presenza e operatividade, potenciándose a base dos equipos patrocinados, chegando neste exercicio con este patrocinio a máis de 18.000 deportistas dos cales máis de 14.000 corresponden ás categorías base destas entidades deportivas.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA